

ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN E TENENCIA DE ANIMAIS

TÍTULO I. Ámbito de aplicación

TÍTULO II. Sobre a tenencia de animais

Capítulo 1: Xeneralidades

Capítulo 2: Das obrigas dos posuidores de animais domésticos ou salvaxes en catividade

Capítulo 3: Dos cans ou outros animais vagabundos

Capítulo 4: Da experimentación con animais

Capítulo 5: Da protección dos animais

Capítulo 6: Dos establecementos

TÍTULO III. Dos animais potencialmente perigosos

Capítulo 1: Disposicións xerais

Capítulo 2: Da licenza municipal

Capítulo 3: Do rexistro municipal

TÍTULO IV. Das infraccións e sancións

TÍTULO V. Da taxa por expedición de licenza, renovación, inscricións rexistras e as súas modificacións e cancelación

TÍTULO I: ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1

1. A presente ordenanza ten por obxecto regular as condicións de tenencia responsable de animais domésticos ou

salvaxes en catividade, incluso os cualificados como potencialmente perigosos, de xeito que a súa utilización proveitosa polas persoas sexa compatible coa protección dos propios animais e a eliminación dos riscos que poidan derivarse para a vida, saúde e integridade física das persoas e demais animais e a seguridade dos bens, dentro do termo municipal.

2. Quedan excluídos desta ordenanza, e estarán rexidos pola súa propia normativa:

- a) A caza
- b) A pesca
- c) A protección e a conservación da fauna silvestre no seu medio natural
- d) Os touros e espectáculos taurinos tradicionais
- e) A gandaría entendida como cría de animais con fins de abastos
- f). Calquera outra que sexa obxecto de regulación específica no futuro

Artigo 2

Para os efectos desta ordenanza enténdese por:

- Animais domésticos: os que pertencen a especies que habitualmente se crían, reproducen e conviven co ser humano.

- Animais de compañía: os animais domésticos das especies canina e felina, así como as doutras especies, que se crían, xeralmente no propio fogar, con obxecto de obter a súa compañía (subespecie de animal doméstico).

- Animais salvaxes en catividade: os que, aínda que sexan libres pola súa condición, sexan obxecto de captura no seu medio natural, se manteñan nun grao absoluto e permanente de dominación.

- Animais abandonados: os que circulan libremente aínda que estean provistos de identificación oficial, se no prazo de vinte días a partir da súa captura non son reclamados por alguén que acredite a súa propiedade.

- Animais potencialmente perigosos: considéranse animais potencialmente perigosos todos os que pertencen á fauna salvaxe e son utilizados como animais domésticos ou de compañía, con independencia da súa agresividade, pertencen a especies ou razas que teñan a capacidade de causar a morte ou lesións ás persoas ou a outros animais e danos ás cousas.

Tamén terán a cualificación de potencialmente perigosos os animais domésticos ou de compañía que regulamentariamente se determinen, en particular, os pertencentes á especie canina, incluídos dentro dunha tipoloxía racial que, polo seu carácter agresivo, tamaño ou potencia de mandíbula, teñan a capacidade de causar a morte ou lesións a persoas ou a outros animais e danos ás cousas.

- Establecemento: calquera recinto, instalación, edificio ou grupo de edificios, con inclusión de anexos e espazos que non estean totalmente cerrados ou cubertos, así como instalacións móbiles, onde aloxen, manteñan ou críen animais.

- Núcleos zoolóxicos: son aqueles establecementos que albergan coleccións zoolóxicas de animais con fins científicos, culturais, recreativos ou para a súa reprodución, recuperación, adaptación ou conservación.

- Establecementos para a práctica da equitación: os que albergan équidos con fins recreativos, deportivos ou turísticos.

- Centros para o fomento e coidado de animais de compañía: son os establecementos que teñen por obxecto a reprodución, explotación, tratamento hixiénico, aloxamento temporal ou permanente e venda, ou ambos, de animais de compañía.

- Centros de recollida de animais abandonados: son os establecementos que teñen por obxecto a recollida de animais abandonados, facilitándolles no tempo e na forma que marque a normativa vixente aloxamento, alimentación, coidados e os tratamentos hixiénico-sanitarios correspondentes.

- Establecementos veterinarios: aqueles onde se realizan habitualmente calquera tipo de tratamentos cirúrxicos, terapéuticos e a hospitalización de animais, baixo a responsabilidade dun veterinario.

Artigo 3

Sen prexuízo do esixido nas demais disposicións que sexan aplicables, estarán suxeitas á obtención da previa licenza municipal nos termos que determina no seu caso o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, as actividades seguintes:

a) Os establecementos hípicos, sexan ou non de temporada con instalacións fixas ou

non, que garden cabalos para a práctica da equitación con fins deportivos, recreativos e turísticos.

b) Os centros para animais de compañía e os destinados á reprodución, aloxamento temporal ou permanente e/ou subministración de animais para vivir domesticados nas casas, principalmente cans, gatos e aves e outros cánidos destinados á caza e ao deporte e que se dividen en:

- Lugares de cría: para a reprodución e subministración de animais a terceiros.

- Residencias: establecementos destinados ao aloxamento temporal.

- Canceiras deportivas: establecementos destinados á práctica do deporte en canódromos.

- Fatos. Establecementos destinados a gardar animais para a caza.

c) Centros ou agrupacións diversas non comprendidas entre os anteriores. Clasifícanse en:

- Tendas de paxaros: para a reprodución e/ou subministración de pequenos animais, principalmente pequenas aves, con destino aos domicilios.

- Provedores de laboratorios: para a produción e/ou subministración de animais con fins de experimentación científica.

- Zoos ambulantes, circos e entidades asimiladas.

- Comercios dedicados á venda de animais de acuario ou terrario, como peixes, arácnidos ou réptiles.

- Instalacións dedicadas á cría de animais para o aproveitamento das súas peles.

TÍTULO II. SOBRE A TENENCIA DE ANIMAIS

Capítulo 1. Xeneralidades

Artigo 4

1. Con carácter xeral autorízase a tenencia de animais de compañía domésticos nos domicilios particulares situados no núcleo urbano. A tenencia estará condicionada a que as circunstancias hixiénicas do seu aloxamento sexan óptimas, á ausencia de

riscos no aspecto sanitario e á inexistencia de perigos ou molestias para a veciñanza ou para outras persoas.

2. Con tal finalidade, prohíbese desde as 24.00 horas ata as 8.00 horas, deixar nos patios terrazas galerías e balcóns, aves e animais en xeral, que cos seus sons, berros ou cantos, disturben o descanso ou tranquilidade dos veciños. O resto do día, tamén deberán ser retirados dos lugares especificados polas ou polos seus propietarios cando, de xeito evidente, ocasionen molestias aos ocupantes do inmobile ou inmobiles veciños

3. As persoas propietarias ou posuidoras de animais estarán obrigadas a proporcionarlles unha alimentación suficiente e adecuada ás características de cada animal.

4. A persoa propietaria ou posuidora dun animal estará obrigada a practicarlle as curas que precise e proporcionarlle os tratamentos preventivos de enfermidades e as medidas sanitarias preventivas, de ser o caso, que a autoridade municipal ou outros organismos competentes dispoñan.

5. Os animais afectados de enfermidades de declaración obrigatoria segundo a Lei de epizootías deberán ser illados, proporcionándolles o tratamento axeitado se este fose posible. No seu defecto, deberán ser sacrificados por métodos eutanásicos que impliquen o mínimo sufrimento e provoquen unha inmediata perda de consciencia. Este precepto seralles de aplicación tanto aos particulares como a aquelas entidades que lles ofrezan refuxio aos animais perdidos ou extraviados.

6. O número de animais que poidan aloxarse en cada domicilio ou inmobile poderao limitar a autoridade municipal, con base a informes técnicos razoados, que atinxen ás características da vivenda e á biomasa dos animais aloxados.

Artigo 5

1. Quen posúa un animal salvaxe en cativeiro é responsable da súa protección e coidado, así como do cumprimento das obrigas previstas nesta ordenanza.

2. A tenencia de animais en cativeiro procedentes de importación, precisará informe previo do organismo competente da Xunta de Galicia relativo ás súas condicións hixiénico-sanitarias.

3. Prohíbese a tenencia de animais salvaxes perigosos para o ser humano fóra dos locais autorizados polo órgano competente da Xunta de Galicia. Tamén a súa circulación por lugares abertos ao público sen as medidas protectoras que se establezan, de acordo coas características de cada especie.

4. Aos animais salvaxes en cativeiro seranlles de aplicación as medidas sanitarias e hixiénicas previstas nesta ordenanza, así como as previstas no artigo 9 da Lei de Galicia 1/1993, do 13 de abril.

Artigo 6

1. As vacarizas, cortes, cortellos e currais de gando e aves unicamente poderán establecerse nas zonas rurais do municipio. En todo caso, esixirase a tramitación dos expedientes que determina o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, para garantir, tanto o aspecto hixiénico-sanitario e adecuación das instalacións, como a inexistencia de incomodidades, molestias ou perigos para as e os veciños ou outras persoas.

2. Queda prohibida a cría doméstica de aves de curral, coellos, pombas e outros animais análogos en domicilios particulares dentro do núcleo urbano, tanto se é en terrazas, como en cercados ou patios.

Artigo 7

1. Queda absolutamente prohibida a entrada e permanencia de animais en toda clase de locais dedicados á fabricación, venda, almacenaxe ou manipulación de alimentos.

Queda prohibida a entrada ou estancia de animais domésticos en restaurantes, bares, cafeterías e similares.

2. Prohíbese a circulación e permanencia de cans e outros animais nas piscinas públicas durante a tempada de baño.

3. Prohíbese a circulación ou permanencia de cans e outros animais nas praias en período estival, definido este como o

comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de setembro, nos horarios de uso destas.

4. Queda prohibida a entrada de animais en espectáculos públicos deportivos e culturais, así como en recintos de práctica de deportes e xogos infantís.

5. Autorízase o traslado de animais nos medios de transporte público, sempre que o traslado se efectúe nun transportador, cesta ou gaiola e nos servizos de taxi a criterio do/da condutor/a e sempre condicionado, en ambos os dous casos, a que sexan sostidos polos donos de xeito que non ocupen os asentadoiros.

6. O transporte de animais en vehículos particulares efectuarase de xeito que non poida ser perturbada a acción do/a condutor/a nin se comprometa a seguridade do tráfico de acordo coas normas previstas no Código de Circulación.

Artigo 8

Nos establecementos hoteleiros e pousadas, sempre que o autorice a dirección do establecemento, a estancia de animais de compañía estará condicionada a unhas óptimas circunstancias hixiénicas de aloxamento e á inexistencia de calquera tipo de incomodidade ou molestia para os residentes. A propiedade ou propietario dos animais será o responsable dos seus actos e deberá presentar a identificación acreditativa ante calquera axente da autoridade que a requira.

Artigo 9

Quedan excluídos expresamente do preceptuado nos artigos 7 e 8 os cans guía que poderán circular libremente nos transportes públicos urbanos, así como acceder a calquera tipo de local, sempre que vaian acompañados do seu amo/a e posúan as condicións hixiénico-sanitarias e de seguridade que se prevén nesta ordenanza.

Artigo 10

1. As persoas agredidas por animais daránlle inmediatamente conta do feito ás autoridades sanitarias municipais.

2. O propietario/a ou posuidor/a do animal agresor deberá presentarse no servizo municipal co documento de identificación e todos os datos que poidan servir de axuda á

persoa ferida ou aos seus representantes e ás autoridades sanitarias que o soliciten.

3. O propietario/a ou posuidor/a do animal agresor responderá administrativamente por non adoptar as medidas de protección fixadas nesta ordenanza, e estará obrigado/a a asumir os gastos ocasionados pola agresión.

Artigo 11

1. A autoridade municipal fixará os horarios e espazos de espaxamento para animais nos que poderán circular libremente e soltos acompañados polo seu propietario/a ou posuidor/a.

2. As persoas ou entidades que precisen desprenderse de animais de compañía mortos poderán facelo a través do servizo municipal.

3. Os que observen a presenza dun animal morto na vía pública poden comunicarllo ao servizo municipal competente, co fin de proceder á retirada do cadáver nas condicións hixiénicas necesarias para tal operación.

4. Queda absolutamente prohibido o abandono na vía pública de cadáveres de calquera especie animal.

Artigo 12

1. As persoas propietarias ou posuidoras de cans están obrigados a recoñecelos por medio dun *microchip* ou *transponder*.

2. O implante electrónico deberá ter as seguintes características:

a) Deberá estar programado e non se poderá modificar.

b) O código alfanumérico estará formado por un número de díxitos que será único para cada animal, sen que poidan existir dous ou máis animais co mesmo código.

3. As comunicacións por morte ou desaparición, cambio de domicilio ou transferencia de propiedade dos animais serán realizadas polos seus propietarios ou posuidores ao servizo correspondente no prazo de quince días, que se comezarán a contar desde a data na que se produciu o feito.

4. Os datos das persoas propietarias gozarán da confidencialidade e reserva que establece a normativa vixente nesta materia.

Artigo 13

1. O Concello recollerá aos animais abandonados e recolleraos ata que sexan reclamados, acollidos ou sacrificados.

2. De non estar o animal identificado, reterase un prazo non inferior a vinte días, nin superior a 30, contado desde a ocupación do animal, co obxecto de localizar o seu dono/a, transcorrido este, o animal será posto ao dispor do que o solicite, durante un prazo mínimo de 3 días, os animais que non sexan retirados polo seu dono nin cedidos en adopción no prazo de tres meses, ou antes nos supostos de urxencia, poderán sacrificarse por procedementos autorizados baixo control veterinario.

3. Se o animal está identificado avisarase ao/á propietario/a, quen disporá dun prazo de dez días para recuperalo, unha vez aboados os gastos orixinados polo seu mantemento. Ao transcorrer este prazo, de non satisfacer o propietario/a o aboamento destes gastos, a canceira municipal procederá de acordo co disposto no punto anterior.

4. Os animais acollidos na canceira municipal non poderán ser retirados dela polos seus propietarios/as sen que se satisfagan, de ser o caso, os gastos xerados polo seu censado e identificación. Igualmente aboarán os gastos de manutención e coidado a razón de 6 euros por día, os de asistencia veterinaria, se a precisaron, e os de vacinación se non estivese acreditado. En calquera caso han de satisfacer a multa que a Alcaldía lles impoña.

5. O Concello disporá de canceira propia ou concertada que cumpra as condicións sanitarias para o aloxamento dos animais recollidos, mentres non sexan reclamados polos seus propietarios ou posuidores ou mantidos en período de observación.

6. Os medios para empregar na captura e transporte de animais vagabundos ou abandonados cumprirán as condicións hixiénico-sanitarias e serán atendidos axeitadamente por persoal cualificado.

Capítulo 2. Das obrigas dos posuidores de animais domésticos ou salvaxes en cativeiro

Artigo 14

1. Quen posúa un animal doméstico ou salvaxe en cativeiro é responsable da súa protección e coidado e máis de cumprir todas as obrigas contidas nesta ordenanza.

2. As persoas propietarias ou posuidoras de animais domésticos ou salvaxes en cativeiro están obrigadas a censalos, e á súa identificación nos termos previstos nesta ordenanza, así como comunicarlle ao Rexistro a súa morte, desaparición ou calquera outra circunstancia relevante.

Artigo 15

1. A Xunta de Galicia poderá ordenar a vacinación ou tratamento obrigatorio dos animais domésticos ou salvaxes en cativeiro que considere necesario por razóns sanitarias ou calquera outra.

Artigo 16

1. Con carácter xeral, e sen prexuízo do previsto para os animais potencialmente perigosos, os cans circularán nas vías públicas provistos de buceira, cadea ou correa e collar con identificación do propietario.

2. Non obstante, os cans poderán deixarse soltos nos lugares e horas que acoute ou designe o Concello, acompañados sempre polo/a seu propietario/a ou posuidor/a.

3. Queda absolutamente prohibido que as persoas propietarias ou posuidoras dos cans deixen as deposicións dos seus animais en parques ou xardíns de uso frecuente por parte de nenos/as, así como nas beirarrúas e zonas de paso de peóns e, en xeral, en toda a vía pública.

4. As deposicións que se produzan serán recollidas polos propietarios/as dos cans e colocaranse de xeito hixiénicamente aceptable nos colectores de recollida de lixo ou nos lugares que a autoridade municipal destine expresamente para o efecto. Queda prohibido depositalos en papeleiras públicas ou nas entradas da rede de sumidoiros.

Artigo 17

As persoas que empreguen cans para a vixilancia de parcelas, obras ou calquera outra propiedade, deberán procurarlles alimento, aloxamento, espazo e curas axeitadas, ademais de telos debidamente censados e identificados.

Así mesmo deberán estar baixo a vixilancia e control do dono/a do inmovible de xeito que

non lles poidan causar dano a persoas, outros animais ou cousas.
Deberase advertir, nun lugar visible, a existencia dun can de garda.

Artigo 18

1. Atínxelle á Alcaldía a responsabilidade superior da protección dos animais domésticos ou salvaxes en catividade no ámbito do seu termo municipal.
2. No caso de grave ou persistente incumprimento por parte dos propietarios/as ou posuidores/as de animais domésticos das obrigas establecidas nesta ordenanza, a autoridade municipal poderá dispor o traslado dos animais a un establecemento axeitado, con cargo a aqueles e adoptar calquera medida adicional que se estime imprescindible.
3. Cando ingrese un animal doméstico na canceira municipal por mandato das autoridades competentes, a orde de ingreso deberá precisar o tempo de retención a que debe someterse e a súa causa. O aboamento dos gastos e taxas orixinados corresponderalle ao propietario/a do animal.
4. A autoridade municipal poderá ordenar o traslado a outro lugar axeitado dos animais que non cumpran as condicións establecidas nos artigos 4, 5 e 6 desta ordenanza.

Artigo 19

Os propietarios/as ou posuidores/as de animais que non desexen continuar ténndoos deberán entregarllos ao servizo municipal encargado da súa recollida ou a unha sociedade protectora.

Capítulo 3. Dos cans ou outros animais vagabundos

Artigo 20

Queda absolutamente prohibido o abandono de toda clase de animais vivos, especialmente de cans, feito que se sancionará como risco para a saúde pública.

Artigo 21

1. Considerarase animal vagabundo aquel que non teña dono/a coñecido/a e en consecuencia non estea censado nin identificado, ou aquel que circule libremente sen a presenza de persoa responsable.

2. Os animais vagabundos agrúpanse, segundo a súa orixe, en:

- a) Abandonados: son os animais que se atopan desatendidos nun lugar público tanto por perder o seu dono/a, como por deixalos vagar libremente, pero permanecen preto da súa casa anterior.
Entenderase tamén como abandono situalos en lugares pechados ou desalugados, terreos e obras, se non son debidamente atendidos neles.
- b) Vagabundos: son os que teñen dono/a, mais van á casa só irregularmente buscar comida e refuxio.
- c) Bravos: son os que non teñen dono/a, pero que puideron telo/a algunha vez, ou os primeiros descendentes dun animal que tivo dono/a con anterioridade.
- d) Salvaxes: son os que viven en tal estado, con varias xeracións anteriores sen dono.

Artigo 22

Queda prohibido facilitarlles alimento de xeito cotián aos animais vagabundos.

Artigo 23

1. Os animais vagabundos atopados no termo municipal recolleraos o servizo municipal correspondente e ingresarán na canceira, onde serán alimentados debidamente e retidos ata que os recuperen, cedan ou sacrifiquen. Os servizos municipais actúan por propia iniciativa e planificación ou por denuncias dos cidadáns/ás.
2. Se os animais vagabundos non estivesen identificados reteranse nun prazo de 20 días. Transcorrido este, o Servizo Municipal de Canceiras poderá darlles o destino máis conveniente, e só en último termo o sacrificio.
3. Se o animal vagabundo está identificado avisaráselle ao propietario/a de xeito inmediato, que disporá dun prazo de 10 días para recuperalo. Unha vez transcorrido este prazo, de non satisfacer o pagamento, o servizo municipal procederá de acordo co disposto no punto anterior.
4. A retirada dos animais da canceira municipal debe realizarse en horas de servizo, despois do pagamento das taxas e demais gastos e, se é o caso, da sanción correspondente.
5. Este concello fomentará a adopción de animais domésticos abandonados, limitando o sacrificio eutanásico aos casos en que resulte imprescindible.

Artigo 24

1. Os animais de compañía aptos para seren adoptados deberán ser vacinados, desparasitados tanto externa coma internamente e identificados con anterioridade, para garantir unhas condicións sanitarias correctas.

2. No intre da adopción, a entrega dun animal deberá ir acompañada dun documento de cesión no que consten os datos do centro doante, os datos do animal e o compromiso da persoa que adopta ao animal de asumir as custas de prevención sanitaria e de identificación, así como responsabilizarse del.

Artigo 25

Sen prexuízo das competencias da Xunta de Galicia en materia de vacinación obrigatoria dos animais domésticos e tendo en conta o carácter voluntario deste tratamento, aconséllase a desparasitación externa e interna (hidatidose), así como a vacinación de cans e gatos ao cumpriren seis meses de idade.

Artigo 26

Quen posúa cans, gatos ou crías destes e non desexe continuar posuíndoos, poderá entregalos para o seu ingreso na canceira municipal se aboan as taxas correspondentes.

Capítulo 4. Da experimentación con animais

Artigo 27

Toda actividade experimental con animais que poida causarlles dor, sufrimento, lesión ou morte será adecuada á normativa aplicable específica que a regule e, se é o caso, á autorización previa polo órgano competente da Xunta de Galicia.

2. Os animais destinados á experimentación serán obxecto da protección e coidados xerais previstos nesta ordenanza.

3. A experimentación con animais desenvolverase baixo a dirección do persoal facultativo correspondente.

4. Os animais que non poidan desenvolver unha vida normal, consecuencia da experimentación da que foron obxecto, serán sacrificados de xeito rápido e indoloro.

5. En cumprimento da vixente normativa sobre protección dos animais empregados para a experimentación e investigación científica, non poderán empregarse con esta finalidade, animais vagabundos das especies domésticas capturados polos servizos municipais.

Capítulo 5. Da protección dos animais

Artigo 28

Quedan prohibidas con carácter xeral e con respecto a todos os animais de compañía as seguintes condutas:

1. Causar a súa morte, excepto en caso de enfermidade incurable ou necesidade ineludible (co fin de evitar sufrimentos ao animal ante unha enfermidade incurable) e sempre baixo control veterinario.

2. Maltratar ou agredir de calquera xeito os animais, ou sometelos a calquera práctica que lles causase sufrimento ou dano non xustificable.

3. Desatendelos sen alimentalos axeitadamente, sen limpalos, sen sometelos a asistencia sanitaria, sen aloxalos de acordo coas súas esixencias naturais ou deixalos no interior de vehículos pechados.

4. Incitalos a asaltar as persoas ou a estragar as cousas.

5. Abandonalos, tanto na vía pública como en vivendas e noutros lugares pechados, desalugados, terreos e obras, na medida en que non sexan atendidos nestes lugares.

6. Utilizalos en espectáculos, loitas, festas populares e outras actividades se estas poden ocasionarlles sufrimento, ou sometelos a condicións antinaturais, con exclusión dos espectáculos con regulamentación específica como resultan ser os taurinos.

7. Organizar pelexas entre animais ou incitalos a elas.

8. Exercer a venda ambulante de calquera animal, fóra dos recintos e datas expresamente legalizados, e en condicións de legalidade absoluta respecto a cada especie, segundo a súa regulamentación específica.

9. Exercer a venda non ambulante de animais, sen o cumprimento das condicións xerais sinaladas pola lei.

10. Calquera outra conduta degradante que teña como vítima aos animais.

Capítulo 6. Dos establecementos

Artigo 29

Denomínase establecemento calquera recinto, instalación, edificio ou grupo de edificios, incluíndo anexos e espazos que non estean totalmente cerrados ou cubertos, así como as instalacións móbiles, onde se aloxen, manteñan ou críen animais. Centros para o fomento e coidado de animais de compañía son os establecementos que teñen por obxecto a reprodución, explotación, tratamento hixiénico, aloxamento temporal ou permanente e venda ou ambos de animais de compañía. Establecementos veterinarios son aqueles onde se realizan habitualmente calquera tipo de tratamentos cirúrxicos, terapéuticos e a hospitalización de animais, baixo a responsabilidade dun veterinario.

Os albergues, criadeiros, establecementos de vendas, de recollida e de experimentación e os dedicados á exhibición de animais salvaxes en cativeiro, sen prexuízo dos condicionantes establecidos polo artigo 3.e) a Lei de Galicia 1/1993, do 13 de abril, han reunir as seguintes características:

1. As construcións, instalacións e equipos serán os axeitados para asegurar un ambiente hixiénico e facilitar as necesarias accións zosanitarias.
2. Deberán estar dotados de auga corrente en cantidade suficiente para a súa axeitada limpeza, así como para a subministración de auga potable aos animais.
3. Disporán dos medios para a limpeza e desinfección dos locais, materiais e ferramentas que poden estar en contacto cos animais e, se é o caso, dos vehículos para o seu transporte.
4. Deberán realizar as desinfeccións, desinsectacións e desratizacións periódicas precisas con produtos autorizados para estes fins.
5. Disporán dos medios precisos para que a eliminación de excrementos e augas residuais se realice de xeito que non implique risco para a saúde pública nin perigo de contaminación do medio.
6. Disporán dos medios precisos para eliminar hixienicamente cadáveres de animais e materias contumaces ou

entregarán estes residuos ao xestor que corresponda en condicións que garanten a salubridade e hixiene necesarios.

7. As instalacións deberán permitir unhas condicións de vida axeitadas para os animais, de acordo coa súa natureza. Deberán dispoñer de recintos, locais ou gaiolas de fácil lavado e de dimensións adecuadas aos seus tamaños, de acordo co especificado no Decreto 153/1998, do 2 de abril, que desenvolve a mencionada Lei 1/1993.

8. Cunha periodicidade mínima diaria, os cans expostos para a venda deberán ser sacados do seu confinamento para permitirlles realizar exercicio en espazo aberto.

9. Deberán dispor dunha zona de corentena que permita o illamento de animais enfermos ou sospeitosos de estalo.

10. Fíxase en seis semanas a idade mínima que terán os cans e gatos para a súa comercialización.

TÍTULO III. DOS ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

Capítulo 1. Disposicións xerais

Artigo 30. Obxecto

1. É obxecto do presente título a regulación da concesión e renovación das licenzas administrativas para a tenencia de calquera animal clasificado como potencialmente perigoso, aos que se refire o Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, polo que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a regulación do Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos e a inscrición na Sección Local do Rexistro Galego de Animais de Compañía e das taxas pola concesión e renovación das licenzas e inscricións indicadas.

2. Quedan excluídos da aplicación da presente ordenanza os cans e animais pertencentes ás Forzas Armadas, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Corpos da Policía das Comunidades Autónomas, Policía Local e empresas de seguridade con autorización oficial.

Artigo 31. Definición de animal potencialmente perigoso

1. Considéranse animais potencialmente perigosos, todos os que pertencendo á fauna salvase, sendo utilizados como animais domésticos, ou de compañía, con independencia da súa agresividade, pertencen a especies ou razas que teñan capacidade de causar a morte ou lesións ás persoas ou a outros animais e danos a cousas.

2. En particular terán a cualificación de potencialmente perigosos, os animais domésticos ou de compañía que regulamentariamente se determinen pola Comunidade Autónoma de Galicia, en particular os pertencentes á especie canina definidos no artigo 2.2 do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de identificación de animais de compañía e potencialmente perigosos e de adestradores caninos.

3. En todo caso, aqueles cans que manifesten unha marcada agresividade natural ou inducida mediante adestramento, malos tratos ou calquera outro medio. Esta agresividade será apreciada pola autoridade competente, de oficio, ou logo da notificación ou denuncia, e despois dun informe dun adestrador ou veterinario designado para o efecto.

Capítulo 2. Da licenza municipal

Artigo 32. Licenza municipal

1. A tenencia no municipio de animais clasificados como potencialmente perigosos requirirá a obtención, con carácter previo á adquisición do animal, da correspondente licenza municipal.

2. Están obrigados á obtención de licenza municipal para a tenencia de animais clasificados como potencialmente perigosos os propietarios ou posuidores destes incluídos no Padrón de habitantes, así como os establecementos ou asociacións, con sede neste municipio, que alberguen

animais potencialmente perigosos aos que se refire o Decreto 90/2002, do 28 de febreiro da Comunidade Autónoma Galega e se dediquen á súa explotación, cría, comercialización ou adestramento, incluídos os centros de adestramento, criadeiros, centro de recollida, residencia, centros recreativos e establecementos de venda colocados neste municipio.

3. Os propietarios de animais potencialmente perigosos non aveciñados neste municipio deberán acreditar, cando se encontren residindo temporalmente neste e mentres permaneza o animal no termo municipal, a tenencia da licenza no municipio de orixe.

4. Nos casos de inscrición de animais como consecuencia de ter efectuado anteriores ataques a persoas, animais ou cousas, no Concello, unha vez coñecida a resolución ou sentenza, de oficio ou a instancia de calquera interesado directo, e previa tramitación de expediente administrativo con audiencia do interesado, requirirase ao propietario mediante resolución da Alcaldía, ao obxecto de que no prazo dun mes proceda á solicitude de licenza, efectuándose en caso contrario a retirada e depósito do animal de conformidade co establecido no artigo 9º desta ordenanza.

Artigo 33. Requisitos para a obtención da licenza

1. Para a obtención da licenza administrativa con destino á tenencia de calquera animal clasificado como potencialmente perigoso será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Ser maior de idade e non estar incapacitado para proporcionar os coidados necesarios ao animal.
- b) Non ter sido condenados por delitos de homicidio, lesións, torturas contra liberdade ou contra a integridade moral, a liberdade sexual e a saúde pública, de asociación con banda armada ou de narcotráfico, así como non estar privado por resolución xudicial do dereito á tenencia de animais potencialmente perigosos.
- c) Non ter sido sancionado por infraccións graves ou moi graves con algunha das sancións accesorias das prevista no apartado 3 do artigo 13 da Lei 50/1999

de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico de animais potencialmente perigosos. Non obstante, non será impedimento para a obtención ou, se é o caso, renovación da licenza, ter sido sancionado coa suspensión temporal desta, sempre que no momento da solicitude a sanción de suspensión anteriormente imposta fose cumprida integralmente.

- d) Dispoñer de certificado de aptitude psicolóxica e de capacidade física para a tenencia de animais potencialmente perigosos.
- e) Acreditar a formalización dun seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros que poidan causar os seus animais na contía mínima de 125.000 euros.

2. Os requisitos esixidos deberán manterse vixentes durante todo o período da tenencia do animal; a perda destes dará lugar á revisión da licenza nos termos recollidos no artigo 9º desta ordenanza.

3. No caso de que a licenza sexa para animais salvaxes en cativeiro, esixirase ademais do previsto no apartado 1 deste artigo, unha memoria descritiva das instalacións e medidas de seguridade utilizadas para impedir a fuxida dos animais conforme ao artigo 3.4 do Decreto 90/2002.

Artigo 34. Vixencia de licenzas

1. As licenzas terán unha vixencia de cinco anos, á finalización da que deberán ser obxecto de renovación, e deberá acreditarse en cada exercicio para o seu mantemento a subscripción do seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros.

2. A condena por calquera dos delitos recollidos no apartado b) do artigo anterior dará lugar á revisión da licenza polo Concello.

Artigo 35. Acreditación

1. A identificación da tenencia da licenza municipal de animais potencialmente perigosos acreditarase mediante a entrega dunha certificación relativa a ela.

2. Por cada can que se posúa, expedirase unha tarxeta identificativa na que se fará constar os seguintes datos:

- a) Núm. de licenza municipal
- b) Código de identificación do can
- c) Raza
- d) Titular da licenza e documento de identidade
- e) Núm. de Rexistro municipal

Artigo 36. Documentación

1. Para a expedición da tarxeta identificativa de cada can requirirase a presentación dos seguintes datos:

- a) Raza e sexo do animal
- b) Ano de nacemento
- c) Domicilio habitual do animal
- d) Especificación de se está destinado a convivir cos seres humanos ou, pola contra, se ten funcións distintas como a garda, protección ou outra que se indica.
- e) Nome do propietario
- f) Domicilio do propietario
- g) Documento de identidade do propietario
- h) Nome ou razón social e domicilio do vendedor ou cedente
- i) Certificado de sanidade animal expedido pola autoridade competente, que acredite, con periodicidade anual, a situación sanitaria do animal e a inexistencia de enfermidades ou trastornos que o fagan especialmente perigoso
- j) Xustificante do aboamento da taxa por expedición da licenza municipal para a tenencia de animais potencialmente perigosos, se é o seu caso
- k) Certificado sanitario de esterilización se se efectuou a esta.
- l) Facturas ou xustificante da adquisición

Os citados datos e, de ser o caso, a documentación oportuna, deberá facilitala o adquirente do animal no prazo de quince días, que se comezarán a contar desde a súa tenencia efectiva.

2. O certificado de sanidade animal deberá ser expedido polos servizos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia ou por un veterinario colexiado.

3. Para a renovación da licenza municipal deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Solicitude de renovación

- b) Copia compulsada da renovación do seguro de responsabilidade civil
- c) Copia compulsada do certificado médico de sanidade animal efectuado nunha data non anterior a dous meses á da renovación da licenza
- d) Xustificante do aboamento da taxa municipal
- e) Certificado de capacidade física
- f) Certificado de aptitude psicolóxica

Artigo 37. Órgano competente para a concesión das licenzas municipais

1. As licenzas municipais para a tenencia de animais potencialmente perigosos, concederanse mediante unha resolución do órgano que teña atribuída a competencia en materia de licenzas, logo da acreditación da incorporación da documentación esixida na presente ordenanza.

Artigo 38. Revisión, perda de licenzas e depósito de animais

1. A perda de calquera dos requisitos esixidos no artigo 4º desta ordenanza dará lugar á revisión das licenzas municipais concedidas e á súa retirada despois da tramitación dun expediente contradictorio.

2. A retirada da licenza dará lugar á perda do dereito á tenencia do animal e á obriga do interesado de proceder, no prazo máximo de dez días a contar desde a recepción do requirimento, a súa entrega e depósito no establecemento adecuado para o efecto ata a obtención da correspondente licenza, salvo que o animal sexa obxecto de entrega a outro propietario ou sacrificio nos termos establecidos nos artigos 58,59 e 60 do Decreto 153/1998 da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. En caso de incumprimento da obriga de depósito procederase a súa execución subsidiaria polo Concello, ou pola Comunidade Autónoma, a través dos seus servizos ou mediante unha empresa contratada, sendo os gastos que tal actuación comporta a cargo e conta do antigo titular da licenza.

4. O Concello poderá retirar dos espazos públicos e depositar de oficio en establecemento adecuado, sen necesidade de previo requirimento, aqueles animais potencialmente perigosos nos que se aprecie unha situación de abandono ou

perigosidade para os usuarios das vías e espazos de uso común ou circulen por estes sen a debida protección ou control do seu propietario ou posuidor.

5. Igualmente o Concello poderá retirar e depositar en establecemento adecuado aqueles animais potencialmente perigosos que non dispoñan da correspondente tarxeta de identificación no municipio de orixe ata tanto se acredite tal circunstancia polo seu titular.

6. A falta de licenza municipal para a tenencia de animais potencialmente perigosos dará lugar a un único requirimento municipal para a súa obtención no prazo de dez días e á retirada e depósito dos animais, nos termos establecidos neste artigo.

Capítulo III. Do rexistro municipal

Artigo 39. Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos

1. Créase o Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos, que terá un tratamento informatizado, no que se fará constar con carácter obrigatorio de acordo con Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, da Comunidade Autónoma de Galicia, a seguinte documentación:

- a) Código identificador do animal
- b) Zona de aplicación
- c) Especie
- d) Raza. En cruzamento de primeira xeración se especificará as razas de procedencia
- e) Sexo
- f) Descrición da capa
- g) Data de nacemento e nome do animal, se for o caso
- h) Dirección habitual do animal
- i) Outros signos identificadores non definitivos (tales como unha tatuaxe ou un número de chapa se o animal foi censado nun censo municipal anteriormente)
- j) Especificación de se o animal está destinado a convivir con seres humanos ou se teñen finalidades distintas como a garda, defensa ou outra que se indique
- k) Nome e apelidos do propietario do animal

- l) Dirección do propietario do animal
- m) Teléfonos de contacto do propietario do animal
- n) Documento de identidade do propietario do animal
- o) Nome, dirección, número de Colexiado e número de veterinario colaborador que realiza a marcaxe
- p) Data na que se realiza a implantación da identificación e a entrega do documento ao propietario
- q) Data de alta no rexistro
- r) Certificado sanitario, expedido por un veterinario, que acredite con periodicidade anual, a situación sanitaria do animal e a inexistencia de enfermidades ou síntomas que poidan facer potencialmente perigoso, así como unha certificación de que o animal carece de lesións ou cicatrices que puidesen estar relacionadas coa utilización do animal en pelexas ou outras actividades prohibidas
- s) Cartilla sanitaria actualizada nos tratamentos preceptivos e preventivos propios da especie e idade. Na cartilla sanitaria figurará a catalogación de animal potencialmente perigoso.
- t) Copia da licenza municipal de tenencia de animais potencialmente perigosos, a nome do propietario. Acompañarase dunha copia da póliza que xustifique que se formalizou o seguro de responsabilidade civil
- u) Datos do centro de adestramento, de ser o caso
- v) Incidentes de agresión, de ser o caso

2. Os propietarios dos animais serán os responsables de identificar os animais e de sufragar os gastos que este ocasione, independentemente do lugar de residencia das ditas persoas. A identificación definitiva suporá un requisito previo e obrigatorio para realizar calquera transacción do animal.

3. O rexistro municipal é un rexistro de carácter público, ao que terán acceso as administracións públicas e as autoridades competentes, así como aquelas persoas físicas ou xurídicas que acrediten ter

interese lexítimo no coñecemento dos datos que figuran nel. Para estes efectos considerárase, en todo caso, interese lexítimo o que ostenta calquera persoa física ou xurídica que desexe adquirir un animal destas características, así como aquelas que sufriran calquera tipo de agresión polo animal e desexen exercer as accións correspondentes en calquera vía xurisdiccional, para o que deberán acreditar previamente a interposición da correspondente denuncia.

4. En todo caso, o uso e tratamento dos datos contidos no Rexistro será de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos persoais.

Artigo 40. Inscripción no rexistro

1. A inscrición no Rexistro de animais potencialmente perigosos efectuaráase o Concello a pedimento do interesado ou de oficio, de ser caso, tras a concesión da licenza municipal regulada no artigo 3º da presente ordenanza.

2. Non obstante, será igualmente obrigatoria a instancia do interesado, a inscrición no rexistro municipal, en sección aberta para o efecto, cando se efectúe o traslado dun animal potencialmente perigoso a este municipio, sexa con carácter permanente ou por período superior a tres meses, e deberase proceder á inscrición no prazo máximo de dez días a contar desde o inicio da residencia no municipio.

3. Estimarase que se efectuou un traslado de animal potencialmente perigoso, salvo acreditación expresa en contrario polo interesado, nos casos de cambio de residencia do seu titular en cuxo caso será preciso a acreditación da obtención da licenza no municipio de orixe anterior, e procederase á renovación da licenza nos casos previstos na presente ordenanza.

4. Das inscricións que se efectúen no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos daráselle traslado ao órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Igualmente nos casos de cambio de residencia desde o municipio sen prexuízo da obriga do interesado de dar conta do traslado do animal, notificarase ao Concello

do municipio de nova residencia a titularidade por parte do interesado dun animal potencialmente perigoso.

Artigo 41. Baixa no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos

1. A baixa no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos efectuarase por pedimento do interesado, logo da acreditación da venda, traspaso, cesión ou morte do animal.

2. Igualmente procederase á baixa no rexistro no caso de traslado da residencia do titular do animal a municipio distinto, salvo que o animal permaneza no Concello, e así quede acreditado xa sexa a instancia do interesado ou de oficio polo Concello.

3. Faranse figurar no rexistro como de titularidade municipal aqueles animais depositados nas súas instalacións como consecuencia da súa recollida da vía pública ou por perda da licenza do seu anterior titular.

Artigo 42. Sección Local do Rexistro Galego de Identificación de animais de compañía

1. Ao amparo dos principios de lealdade institucional, cooperación e colaboración previstos no artigo 4 da Lei 30/1992, establécese unha Sección Local da Sección do Rexistro de Identificación de Animais de Compañía, limitada aos cans residentes no termo municipal, que se formará cos datos que para o efecto sexan remitidos polo Rexistro Galego. Cos datos contidos na Sección do Rexistro, formarase o día 31/12 de cada ano, o censo ao que se refire o artigo 27 do Decreto 153/1998.

2. Neste rexistro farase constar a información contida no apartado 5 do artigo 5 do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, da Comunidade Autónoma de Galicia, e que se recollen tamén nas letras da a) á s) do apartado 1 do artigo 39 da presente ordenanza.

Artigo 43. Circulación e permanencia do can en vías públicas e locais

Conforme ao establecido no artigo 112 apartado 5 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro da Comunidade Autónoma de Galicia, os cans catalogados como potencialmente perigosos terán que circular

polas vías públicas e en lugares e espazos de uso público en xeral, atados con cadea ou correa cunha extensión lonxitudinal non superior a dous metros, provistos da correspondente buceira homologada e adecuada para a súa raza, e en ningún caso, poderán ser conducidos por un menor de 16 anos.

TÍTULO IV. DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

Artigo 44. Infraccións

1. As infraccións que se cometan contra o disposto nesta ordenanza clasifícanse en moi graves, graves e leves.

2. Terán a consideración de infraccións administrativas **moi graves**, as previstas no artigo 13.1 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, do Estado, así como as establecidas no artigo 22 da Lei 1/1993, do 13 de abril, da Comunidade Autónoma de Galicia, que son as seguintes:

- a) Abandonar un animal potencialmente perigoso de calquera especie e calquera can, entendéndose por animal abandonado tanto aquel que vaia preceptivamente identificado como os que non leven ningunha identificación sobre a súa orixe ou propietario, sempre que non vaian acompañados de persoa ningunha.
- b) Ter cans ou animais potencialmente perigosos sen licenza.
- c) Vender ou transmitir por calquera título un can ou animal potencialmente perigoso a quen careza de licenza.
- d) Adestrar animais para activar a súa agresividade ou para finalidades prohibidas.
- e) Adestrar animais potencialmente perigosos por quen careza do certificado de capacitación.
- f) A organización ou celebración de concursos, exercicios, exhibicións ou espectáculos de animais potencialmente perigosos, ou a súa participación neles, destinados a demostrar a agresividade dos animais.
- g) O maltrato dos animais que lles cause a morte.
- h) A organización e celebración de espectáculos, pelexas ou outras actividades con animais que impliquen

crueidade ou maltrato ou poidan ocasionarlles sufrimentos.

- i) A venda de animais con enfermidade infecto-contaxiosa coñecida.
- j) A venda de animais para experimentación sen a debida autorización ou a centros non autorizados.
- k) A esterilización ou sacrificio de animais sen control facultativo.
- l) A reiteración en faltas graves.

3. Terán a consideración de infraccións administrativas **graves**, as previstas no artigo 13.2 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, do Estado, así como as establecidas no artigo 21 da Lei 1/1993, do 13 de abril, da Comunidade Autónoma de Galicia, que son as seguintes:

- a) Deixar ceibo un animal potencialmente perigoso ou non ter adoptado as medidas necesarias para evitar a súa fuxida ou extravío.
- b) Incumprir a obriga de identificar o animal.
- c) Omitir a inscrición no rexistro.
- d) Atoparse o can potencialmente perigoso en lugares públicos sen buceira ou non suxeito con cadea.
- e) O transporte de animais potencialmente perigosos con vulneración do disposto no artigo 10 de Lei 50/1999, do 23 de decembro.
- f) A negativa ou resistencia a subministrar datos ou facilitar a información requirida polas autoridades competentes ou os seus axentes, segundo o cumprimento de funcións establecidas na Lei 50/1999, do 23 de decembro, así como a subministración de información inexacta ou de documentación falsa.
- g) O maltrato dos animais que lles cause dor ou lesións.
- h) Mutilalos sen necesidade ou sen o adecuado control veterinario.
- i) Abandonalos.
- j) A venda ambulante, reiterada, de animais en xeral, fóra de establecementos, feiras ou mercados legalmente autorizados.
- k) A venda de animais salvaxes en cativeiro fóra dos establecementos autorizados.
- l) O incumprimento das obrigas sinaladas nos artigos 3º, 4º e 5º da Lei 1/1993, de

13 de abril, salvo o disposto no artigo 22º 1.b).

- m) A subministración de estimulantes non autorizados ou substancias que poidan atentar contra a súa saúde, excepto cando sexa por prescrición facultativa.
- n) A non vacinación ou o non tratamento obrigatorio dos animais.
- o) A venda de animais enfermos, salvo que se trate dun vicio oculto, non coñecido polo vendedor.
- p) A cría ou comercialización de animais sen cumprir os requisitos correspondentes.
- q) A tenencia de animais perigosos sen as medidas de protección que se fixen.
- r) O incumprimento de calquera outra das condicións impostas nas autorizacións administrativas.
- s) Considerase así mesmo, como infracción grave a reincidencia en infracción leve.

4. Son infraccións administrativas **leves** o incumprimento de calquera das obrigas establecidas nesta ordenanza, na Lei 50/1999, de 23 de decembro do Estado e na Lei 1/1993, de 13 de abril, da Comunidade Autónoma de Galicia non comprendidas nos parágrafos anteriores e cuxa competencia lle corresponda ao Concello, conforme ao previsto no artigo 20.3 a) do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, da Comunidade Autónoma de Galicia, que son as seguintes:

- a) O maltrato dos animais que non lles cause dor.
- b) A venda, doazón ou cesión de animais a menores de 14 anos ou incapacitados, sen autorización de que teña a súa patria potestade, tutela ou custodia.
- c) A doazón de animais de compañía como premio.
- d) Non manter o animal en boas condicións hixiénico-sanitarias.
- e) Mantelos en instalacións inadecuadas.
- f) Non facilitarlles a alimentación adecuada ás súas necesidades.
- g) A utilización de animais en traballos que os inmovilice, causándolles dor.
- h) Exercer a venda ambulante de animais fóra dos mercados e feiras autorizados.
- i) A carencia ou tenencia incompleta do arquivo de fichas clínicas dos animais obxecto de tratamento obrigatorio ou vacinación.

- j) A posesión dun can non censado conforme o previsto no artigo 7º 3 da Lei 1/1993, de 13 de abril.
- k) O sacrificio de animais en lugares públicos.
- l) A non recollida inmediata dos excrementos evacuados por un animal de compañía na vía pública.
- m) As molestias ocasionadas á veciñanza polo incumprimento do establecido no artigo 4 desta ordenanza.
- n) A entrada e permanencia de animais en locais destinados á fabricación, venda, almacenaxe, transporte ou manipulación de alimentos.
- o) A circulación e permanencia de animais en piscinas públicas durante a tempada de baño, así como nas praias durante o período estival fóra do horario estipulado.
- p) Que o animal non circule suxeito por correa ou cadea con collar nas vías públicas e fóra dos lugares e horarios establecidos para que poidan circular libremente e soltos.
- q) O abandono de cadáveres de calquera especie animal.
- r) Calquera outra actuación que vulnere o disposto nesta ordenanza e que non veña tipificada como infracción grave ou moi grave.

Artigo 45. Sancións

1. As infraccións tipificadas no artigo anterior serán sancionadas con multas cuxas contías serán as fixadas no artigo 13.5 da Lei 50/1999 do Estado e no artigo 24 da Lei 1/1993 da Comunidade Autónoma de Galicia, que son as seguintes:

Infraccións moi graves, tipificadas nos apartados a) a f) do artigo 44.2) da presente ordenanza, con multa de 2.404,06 euros a 15.025,30 euros, e as dos apartados g) a l) do mesmo artigo, con multa de 3.005,07 euros a 15.025,30 euros.

Infraccións graves, tipificadas nos apartados a) a f) do artigo 44.3) da presente ordenanza, con multa de 300,52 euros a 2.404,05 euros, e as dos apartados g) a s) do mesmo artigo, con multa de 300,52 euros a 3.005,06 euros.

Infraccións leves, con multa de 30,05 euros a 300,51 euros.

2. En todo caso, as infraccións graves e moi graves tipificadas no artigo anterior desta ordenanza, poderán levar aparelladas como sancións accesorias a confiscación, comiso, esterilización ou sacrificio dos animais potencialmente perigosos, a clausura do establecemento e a suspensión temporal ou definitiva da licenza para tenencia de animais potencialmente perigosos ou do certificado de capacitación do adestrador.

Artigo 46. Responsable.

1. Considéranse responsables das infraccións os que por acción ou omisión participaran na comisión das mesmas, ao propietario ou posuidor dos animais, ou no seu caso, ao titular do establecemento, local ou medio de transporte no que se produzan os feitos, e neste último suposto, así mesmo, o encargado do transporte.

Artigo 47. Procedemento sancionador

1. O procedemento sancionador aplicable rexerese polo establecido na Lei 50/1999, do 23 de decembro, así como pola Lei 30/1992, do 26 de novembro e normas de desenvolvemento.

Artigo 48. Exercicio da potestade sancionadora

1. Os órganos competentes para sancionar, de acordo cos artigos 24.2 da Lei 1/1993, do 13 de abril, da Comunidade Autónoma de Galicia serán:

- a) Por infraccións leves, o alcalde.
- b) Por infraccións graves, o director xeral de conservación da natureza da Consellaría de Medio Ambiente.
- c) Por infraccións moi graves, o conselleiro de Medio Ambiente.

2. A incoación e tramitación dos expedientes polas infraccións tipificadas como leves correspóndelle ao Concello. Non obstante, o alcalde porá en coñecemento de xeito fidedigno, do director xeral de Conservación da Natureza da Consellaría de Medio Ambiente, toda acción ou omisión que poida ser tipificable como infracción grave ou moi grave.

3. Cando as circunstancias de perigo así o aconsellen, o alcalde poderá proceder á retirada ou custodia dun animal potencialmente perigoso, a cargo do propietario, como medida de carácter

provisional durante a tramitación dun expediente sancionador.

TÍTULO V. DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA, RENOVACIÓN, INSCRIPCIÓN REXISTRAS E AS SÚAS MODIFICACIÓN E CANCELACIÓN

Artigo 49. Obxecto

1. De conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 en relación co artigo 20 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, do Estado, reguladora das facendas locais, establécese a taxa por prestación de servizos especiais de expedición de licenza, as súas renovacións, inscricións rexistras e as súas modificacións e cancelacións.

Artigo 50. Feito imponible

1. O feito imponible da taxa é a actividade municipal conducente á verificación do cumprimento das condicións reguladas nesta ordenanza para a concesión da licenza indicada, a actividade de control que se efectuará nas renovacións que dela deban verificarse, a tramitación, control e custodia que dela se establece e aqueles outros servizos que se recollen nas tarifas desta ordenanza.

Artigo 51. Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas que solicitan ou resultan afectadas polos epígrafes da tarifa do artigo 25.

2. En particular serán suxeitos pasivos os titulares dos establecementos ou asociacións que alberguen animais potencialmente perigosos e se dediquen á súa explotación, cría, comercialización ou adestramento, incluídos os centros de adestramento, criadeiros, centro de recollidas, residencias, centros recreativos e establecementos de venda.

Artigo 52. Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os

síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedade e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 53. Dereito á percepción da taxa

1. O dereito a percibir a taxa producirase coa solicitude de calquera dos actos aos que se refire o feito imponible.

2. A non concesión da licenza, cando non sexa debido a incumprimentos formais do suxeito pasivo, dará lugar á devolución das cantidades autoliquidadas.

Artigo 54. Tarifas

1. Licenza de cans potencialmente perigosos
50 euros.
2. Ficha identificadora individual
12 euros
3. Renovación de licenzas
25 euros
4. Inscrición no Rexistro de APP
10 euros
5. Inscrición no Censo de animais de compañía
6 euros
6. Modificacións rexistras
3 euros
7. Cancelación rexistral
5 euros

Artigo 55. Ingreso da taxa

1. O ingreso da taxa efectuarase en réxime de autoliquidación e con carácter previo ao acto que o motiva.

Artigo 56. Infraccións e sancións

1. En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como ás sancións que estas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos, 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición adicional única

1. Quedan excluídos da obriga de obtención de licenza municipal aqueles exemplares caninos que fosen obxecto de adestramento baixo a supervisión directa da ONCE e sexan destinados á guía de persoas invidentes.

Disposición final

1. A presente ordenanza entrará en vigor coa súa publicación íntegra no diario oficial correspondente e co transcurso do prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do

2 de abril, e continuará en vigor ata a súa derogación expresa polo Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento, facéndose constar que contra o acordo e a ordenanza aprobada pódese interpor recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses que se comezarán a contar desde esta publicación.

O Grove, 12 de xaneiro de 2004

O alcalde

Miguel Ángel Pérez García

(BOP de Pontevedra, núm. 20, do 30/01/2004)